

Cuestión de Estilo

Xavier Rodríguez Baixeras. O Escritor na súa Terra

Xosé María Álvarez Cáccamo, abril 2012

Celebramos hoxe a vida singular, a mestría da arte literaria, a intelixencia sensitiva de Xavier Rodríguez Baixeras. Celebramos ao escritor na súa terra de Ribadeo, vila onde transcorreron os anos da nenez e os veráns da adolescencia, tempo decisivo para a formación dunha ollada poética que mirou sempre moito nas páxinas do álbum familiar e permanece constantemente atenta aos sinais procedentes da memoria infantil. Poño por caso aquel asañado bater de portas do poema "Fillo da sombra", aquel trafego de pasos vivos, o inqueda rumor de voces suplicantes a baixar desde o sobrado da vivenda dos seus na noite do nacemento dun irmán. Foi no casarón de altos teitos e medoños corredores que mandaran construír en Ribadeo –rúa de San Roque, número 16- os bisavós, Ascensión Pillado Pedrosa, señora do lugar e pazo de Covas, situado na parroquia focense de Nois, e o seu home, Basilio Rodríguez Maseda, emigrante en Cuba, de onde regresou con fortuna máis que suficiente. Nunha finca lindante con aquela sólida, ben temperada e discreta construción -cualidades labradas no alicerce xenético da familia-, que se afasta da tendencia á exuberancia propia das casas de indianos, medraba unha palmeira, "*Palmeira esfarrapada e sempre viva / de afeitada a nós, de estar neste xemido / onde afoga confuso o esvaído / toque da hora que algún vento esquiva*". Era xa, desde a hora primeira da súa educación sentimental, a árbore de Xavier Baixeras, que se multiplicou logo en versos ao longo da paisaxe completa da súa obra e hoxe chanta o seu corpo vexetal na terra do escritor, no seu Ribadeo de infancia e adolescencia. Falan con moita propiedade as palmeiras na poesía de Xavier. Traen acentos do mediterráneo natal, conversan coa lembranza caribeña do bisavó Basilio, enuncian certa querenza cosmopolita que non contradí o deseño dunha estampa saudosa e humilde de xardín popular, mesmo de tradición galega, raíces e motivos todos eles moi da súa poética.

Por outras terras, alén de Ribadeo, transitou a existencia itinerante de Xavier Rodríguez Baixeras, quen deixou rexistro puntual desa experiencia de obrigada mobilidade. A biografía nómade do poeta, o tránsito por diferentes cidades e países, a procura do centro estábel nalgún punto da rosa dos ventos –maiormente a Beira Norte, a Mariña-, conforman constantes existenciais que alicerzan o edificio da súa escrita, asentada sobre os símbolos da Viaxe e a Casa, arquetipos dinámicos en constante interacción complementaria. Nun poema de *Lembranza do areal* pregunta, inqueda, o viaxeiro polo destino do seu rumbo próximo: "Onde andarei, no estío?". A resposta lévaos ás latitudes catalás do espazo natal: "*A miña avoa / durme e arrefecen os faiados / de Tarragona, cara os trens varados, / nos beizos daquel mar que nunca soa*". Asediado e, asemade, seducido pola pulsión do cambio -"*mudar de horizonte cada día / sentir a fermosura da distancia*"-, camiña na procura de sereno asentamento e topa lugar de acougo nas prazas do seu tempo de Castela: "*Por entre a néboa da ría vexo os rostros das cidades perseguíndome, e, de entre todos, apenas un me ofrece descanso: Segovia, ao pé dunha serra espida, dunha muller que dorme*". Noutro momento a memoria regresa aos días de mocidade nun dos primeiros destinos laborais como profesor en Palma de Mallorca: "*Rúa do Santo Cristo ... Alguén enchía / o fol da noite para sempre acesa*."

A cidade de curso máis dilatado na vida de Xavier Baixeras, Vigo, onde tiven a sorte de coñecelo, onde convivimos case a cotío durante tres décadas, onde aínda compartimos conversa, xantar, viño, certezas e inquiredanzas, ocupa o leito significativo, modula tonalidades emocionais e conforma as coordenadas da visión. É o sul distante da Beira infantil, o ámbito bravo por onde pervaga o poeta "*entre varadoiros / impregnado de brea, de fariña de peixe*". Vigo foi porto da madurez, ancoradoiro onde fondeou o acuático curso das tres xeiras vitais previas con cadansúa localización espacial: Tarragona, a Mariña –de Ribadeo a Nois- e Segovia, tal como fica rotundamente establecido neste balance, incluído no libro *Eclipse*: "Veño do fondo dunha marusía de viño e de esparto, pero tamén da maraña escura do argazo, dunha auga fría de serra brincando no corazón. Doadas foron estas tres estacións, pero, nunha altura, tiven que escoller, e agora miro para as luces dos barcos e para a auga irisada dun porto de emigrantes".

E o poeta escolleu logo e para longas tempadas Salvador de Baía, de onde trouxo crónica viaxeira, discurso do eu en estado de alerta, colección de felices –e tamén críticas- estampas e cadros de costumes, declaración de constantes poéticas e, sobre todo, excelente labor de prosa de altura, a do libro titulado *Brasil no centro*, onde veñen tamén sabores moi matizados, os que selecciona o experto en artes gastronómicas, autor doutra alfaia discursiva, a do seu *Diario de comidas*, de inescusábel lectura para especialistas e amantes da boa mesa literaria. Desde as páxinas de *Brasil no centro* acompañamos, máis unha vez, ao poeta itinerante polos rumbos das terras de seu, revisitadas: Tarragona, Segovia, Vigo, A Mariña... con algunha incursión de nova querenza, como Oviedo, e, naturalmente, polas rutas da paisaxe brasileira que, pouco tempo despois, habitarían os versos do *Deserto diamantino*, "unha chaira fértil, dilatada, / vasto verdor deitado en horizontes, / devesas infinitas entre montes / de testa iluminada".

Celebramos a Xavier Rodríguez Baixeras, o escritor na súa terra, o poeta nas súas terras do mundo, o que percorreu de sul a norte Galiza, asombrado, interrogante, no tren de *A gándara da noite*, instalado no centro do seu paradoxo de nómade sedentario, a contemplar o tempo que pasa, o espazo que foxe dos ollos, desde o seu asento quieto no comboio ascendente. "*Poucos poden vivir onde desexan, / poucos poden ficar*", declara o pai, que acompaña a Xavier na derradeira etapa da viaxe, cando o tren da gándara se achega xa ao territorio setentrional dos seus dous centros vitais: Ribadeo e Nois. En Nois permanece sempre a Casa histórica da memoria e a quietude, a das estirpes fundadas polos Díaz de Ribadeneyra, Pardo de Parga, Pillado e Pedrosa en séculos lonxícuos que aínda falan por boca de enigmáticas figuras femininas: "*Linda cos catro ventos e nun ano / remexen os seus pés algo de lama. / Nela debeu morar a branca dama, / ou mora aínda, para o noso dano*". É a casa dos libros *Beira Norte*, tratado substancial de xeografía e memoria poéticas, e *Visitantes*, onde ela se mostra urxida de agarimo, de presenzas humanas que lle outorguen sentido e concedan horas de pausa ao habitante poeta, o escritor no seu tempo, maiormente estival, desde a nenez de hóspede breve da tía Cándida - "*meninho / antigo, transido pola froita que apodrece / no chao dunha capela, no nicho dun pombal*"- até os anos de regular residencia estacional, xeiras felices que comparto moito con Xavier. Para afirmarme na ledicia desa constancia que me fai sentir como en alcoba propia nas habitacións da Casa do Norte,

pronuncio estes versos e asumo agora, con permiso do seu autor, o protagonismo da voz falante: "*Ben medrado setembro, visitarei a casa, / descerei a calzada, fendendo o seu silencio*".

O escritor na súa terra, na súa casa de poeta, fronte á mesa de traballo ategada de papeis que rebordan e se enguedellan, folios sen numerar, escrita de computadora indómita. Sobre a cama onde ninguén dorme, máis papeis, libros asulagados desde hai anos, xornais que perderon vixencia definitivamente, algunha prenda de roupa inoperante. A complexa relación de Xavier coas criaturas dos ecosistemas obxectuais e técnicos, maletas e bolsas, termóstatos e enchufes, resmas de holandesas ou paquetes de libros, resolve as súas dificultades coa estratexia da vontade vixiante e o rigor da obediencia ao goberno de reloxo e calendario. Este panorama de aparencias desestruturadas contrasta co macrotexto -Poesía, Ensaio, Crónica, Diario, Tradución- de coidadísima feitura, de exemplar acabado. Os dicionarios abertos enriba das cadeiras, no peitoril da xanela, na beira da cómoda modernista, os que van ficando provisoriamente extraviados nas mesas de noite, son os aparellos do tradutor rigoroso e atento, de recoñecida excelencia, que habita as terras de outros escritores e incorpora ao discurso da nosa lingua a literatura de Buzzati, Pavese, Pirandello, Manzoni, Lampedusa, Pere Calders, Josep Maria Llompart, Joan Margarit, Francesc Parcerisas, Antoni Marí, Pere Gimferrer, Maria-Mercè Marçal, Jesús Moncada, Lidia Jorge, Hélia Correia ... entre outros autores do universo románico, das linguas familiares de Xavier.

O ordenador persoal da súa experiencia poética funciona, ademais, con absoluta precisión. Para a indagación nas materias da intimidade, na substancia profunda da memoria, usa Baixeras unha óptica de minuciosa sensorialidade que fai moi atractivos os seus ámbitos de evocación. Desde os inicios, con *Fentos no mar* e *Lembranza do areal*, foi construíndo o poeta un código de singular estilo, caracterizado pola tensión das solucións formais –e non só as do soneto cabal-, a perspectiva interrogante e asombrada, o exercicio dunha ollada simbólica e arquetípica que se expresa en pronuncia natural –como esixida polo guión da vivencia pre-poética-, certo efecto de estrañeza producido polo equilibrio entre a visión onírica e o deseño figurativo e o dominio absoluto das técnicas rítmicas e musicais. Xavier Rodríguez Baixeras, figura máxima da xeración poética dos 80, poeta fundamental na historia completa da Poesía, mestre de coetáneos e herdeiros, foi labrando, en *A gándara da noite*, *Visitantes*, *Nadador*, *Beira Norte*, *Eclipse*, *O pan da tarde* e *Deserto diamantino*, por citar só os seus libros de maior entidade, un dos discursos máis transcendentales e reveladores da contemporaneidade. Os seus poemas actúan como instrumentos reflexivos desde a liña da escena evocada, reconstruída. O símbolo, sometido á tensión extrema da vontade expresiva, é lente para a visión das fonduras, das raíces, da cerna do eu orixinario, que, conforme avanza o itinerario da escrita poética total, vai abrindo voces cara á iluminación crítica do acontecer colectivo, cara ao protagonismo do suceso plural, manifesto xa en *A gándara da noite*. Imprecisas presenzas humanas, ruídos e rumores de indefinida orixe, fragmentos de enunciados que o poeta, en posición de alerta, recolle das páxinas do ar, van escribindo nos libros de Baixeras o texto complementario dunha fascinante ladaíña dramática. O proceso xeral da súa obra traza un rumbo nido de clarificación e adelgazamento expresivo e de abertura do acento confidencial, através do que se libera o folgo da emoción comunicativa,

como nestes versos definitivos de *O pan da tarde*:

*De lugares, nada digo.
De amañecer, iso mesmo.
De nomes, os que me entregan
salaios de despedida.
De mortos, a incandescencia
que non se irá. Do coitelo,
o asfalto que me ameaza
no arboredo estremecido.
Do que chega, este mal vento.*

En *Visitantes*, entre outros motivos reiterados na poética de Baixeras, como o da destemida viaxe iniciática que nunca atinxe cabo ou a acción devoradora da natureza en dialéctica erótica e mortal, desenvólvese o discurso de reflexión arredor da maquinaria íntima dos procesos creativos, pensamento analítico que empregou canles de moi lúcida e singular formulación ensaística no libro *Bos tempos para a lírica. A xeración de 1980*. Reiteran aquela liña de indagación autopoética moitos poemas de *Nadador*, talvez o reto construtivo máis ambicioso e máis conseguido como produto unitario de entre todos os seus títulos. Declara aquí Xavier Rodríguez Baixeras a paixón senlleira do nadador de fondo, titánico bracista contra as ondas da praia de Arealonga de Nois. Poderosa é tamén a feitura do verso libre, como labrado á medida dos brazos, émbolos do movemento creativo : "*Cada pulo me leva a ver os días / consumidos de norte e de salitre / e no embrión do verso comprobo os seus motores, / os resortes onde se oxida a voz*".

Este é Xavier, o voluntarioso nadador de fondo, abismado nas galerías do seu océano interior, un planeta líquido que filtra a súa enerxía, os seus segredos, através da confianza poemática, moitas veces brava en declaración de verdade. A enxeñería de base xenética, complementada cos oficios da experiencia –estratexias de maduración, cun punto crucial e divertido de inadaptación ao medio-, foi deseñando a súa figura, a dun home de moi especial configuración, verdadeiramente orixinal e atractiva. Non deixo nunca de asombrarme – mentres procuro colaborar na resolución do conflito- coa súa posición de cidadán desesperadamente enfrontado ás forzas do mal, maiormente inaturábeis contratempos que se resolven coa acción de premer o botón axeitado, abrir oportunamente a billa de auga, apretar a lámpada frouxa, recuperar as bolsas esquencidas nos supermercados, cubrir este apartado, e non aquel outro, dunha determinada solicitude burocrática... Un segmento menor, aínda que interesante, da nosa relación de amizade, que cumpriu xa trinta felices anos, ten como motivo de conexión a procura de solución para esas elementais agresións da vida práctica, inimiga natural de Xavier, quen, non obstante, resolveu sempre con éxito e soberana e valente vontade os seus grandes asuntos de viaxeiro universal e de cidadán en actividade de frecuente mudanza.

É Xavier Rodríguez Baixeras conversador paciente e discreto, da caste –pouco abundosa- dos que saben escoitar e interesarse nos argumentos e materias dos seus

interlocutores. Reserva os seus saberes, que son moitos e firmemente asentados, para a súa entrega en ocasión propicia. Daquela dispónse a revelar as súas certezas con paixón de experto implicado e un aceno moi seu de ollos brillantes e sorriso temperado na ledicia da comunicación, no orgullo inocente da ciencia propia. Son apreciacións matizadas, datos históricos, memoria detallada de versos clásicos e modernos, sabores da cociña popular, nomes de árbores e paxaros, opinión singularizada fronte ao tuzarismo e a vulgaridade dominantes, motivos substanciais da vida, razóns definitivas da arte.

A ollada hipersensíbel que transparenta en toda a súa obra literaria vén dunha disposición humana desde a que se foron escolmando con criterio de esixencia radical os núcleos de interese emotivo, os significados que moven a existencia mesma do poeta. A tonalidade afectiva dos poemas, entregada confidencia cordial desde as estanzas profundas da intimidade, nace do estrato esencial de tenrura e bonhomía que centran a figura de Xavier. A singularidade da voz e do estilo procede, de xeito natural, da actitude ética e temperamental de quen mantivo e mantén unha moi consciente orientación de independencia, moi afastado sempre da norma gregaria, aínda que comprometido tamén, desde o seu posto de libérrima vontade, coas causas colectivas da xustiza e a fraternidade, desde a esquerda, desde o nacionalismo, sen deixarse seducir nunca polo engado do poder.

Queremos moito a Xavier. Esa razón de amor outorga sentido pleno á celebración da súa obra, eixo central da súa vida, en Ribadeo, na vila da raíz existencial da nenez, onde se educou a ollada hipersensíbel do poeta, a cordialidade confidencial da súa voz, a singularidade independente do home, o seu estilo. Regresa o escritor á súa terra da Mariña. Seica volve non só para recibir o agarimo de veciños e veciñas, o afecto e o aplauso da sociedade literaria, senón tamén para pousar o seu tempo de viaxeiro incansábel nunha nova etapa de pausa sedentaria. Para vivir en Ribadeo, na terra daquela casa dos seus devanceiros, que Xavier habitou de neno e que permanece activa en vibración significativa neste poema maxistral, onde se concentran a sabedoría compositiva, a densidade simbólica, a emoción íntima e solidaria e o matiz hipersensitivo, instrumentos de extraordinaria precisión nas mans do meu, do noso, querido poeta máximo:

*Abrirei o portón da miña casa
para que entren esmoleiros,
leiteiras,
vendedores de mel.*

*E, como nun lagar, ese perfume
hei espremer, bagoando.*

E pecharei.